



R celebra o *Cyber feirón R* con todos os servizos: Internet, televisión, móbil e fixo; e un *smartphone* Samsung Galaxy A51 incluído, por 19 euros/mes

- ***A campaña estará dispoñible dende hoxe mesmo, 1 de decembro, ata o día 8 deste mes.***
- ***A oferta “Cyber feirón R” inclúe os servizos de telecomunicacións máis demandados e un ‘smartphone’ a un prezo increíble: Internet 500 megas, 2 liñas de móbil con gigas ilimitados, TV Total con deco 4K, fixo con chamadas e o Samsung Galaxy A51. Todo, por só 19 euros ao mes durante 3 meses.***

Martes, 1 de decembro de 2020. R celebra, dende hoxe e ata o peche da ponte de decembro, o seu ***Cyber feirón R***, no marco da xa acuñada *Cyberweek*, (semana de promocións e ofertas posterior ao noso ***venres neghro***) cunha proposta que inclúe todos os seus servizos de comunicacións por 19 euros/mes durante 3 meses: Internet 500 megas, 2 liñas de móbil con gigas ilimitados + chamadas ilimitadas e TV total con deco 4K. E como promoción especial, tamén un *smartphone* Samsung Galaxy A51 con pantalla *infinity* e 4 cámaras traseiras.

Por tanto, quen contraten o ***Cyber feirón R*** entre hoxe, día 1, e o 8 de decembro poderán gozar de todos os seus servizos converxentes por 19 euros durante o tres primeiros meses.

8 días de “feirón” en R tras 30 días de “venres neghro”

Despois de dedicar integramente o mes de novembro a celebrar o ***venres neghro*** (*Black Friday*), con ofertas e descontos en produtos tecnolóxicos e servizos de telecomunicacións inigualables, chega agora a promoción desta “cibersemana” co ***Cyber feirón R*** e unha oferta próxima ás datas do Nadal. De novo R traballa para

adaptar as súas propostas ás necesidades dos consumidores, que en moitos casos prefiren adiantar as súas compras e gozar durante as súas vacacións de máis entretemento e conversacións con amigos e familiares, sobre todo este ano en que moitas familias terán que celebrar o Nadal a distancia.

Para atender esa necesidade de manterse conectados/as, nada mellor que contar con gigas ilimitados e con móbiles de última xeración, como o Samsung Galaxy A51, agora incluído na oferta. Ademais, tamén poderán gozar dunha televisión de calidade co deco 4K Android de **R**, con máis de 100 canles temáticas infantís, de cinema, series, documentais, deportes, etc. e con funcionalidades e servizos como o que che permite ver un programa dende o inicio, aínda que xa empezase; **rebobina**: miles de contidos á carta para toda a familia; **Te lo perdiste**: **R** garda os programas durante sete días para poder recuperalos e velos; ou as **opcións de busca e de gravación**.

Ademais, a tele de **R** proporciona acceso a un mundo de aplicacións como Netflix e ofrece a posibilidade de utilizar ata 5 dispositivos móbiles para acceder aos seus contidos a través do seu servizo multidispositivo **tv comigo**.



The image is a promotional graphic for 'Cyber feirón R'. At the top, the text 'cyber feirón R' is written in a glowing blue, neon-style font within a rounded square frame. Below this, the phrase 'ven a R' is written in a smaller font. The main content is organized into a grid of four boxes. The top-left box shows a mouse icon and '500 megas'. The top-right box shows a smartphone icon and '2 liñas GB ilimitados'. The bottom-left box shows a TV icon and 'TV total deco 4K'. The bottom-right box shows a phone handset icon and 'fixo'. To the right of these boxes is a vertical image of a Samsung A51 smartphone. Further right, the text 'e este samsung A51' is displayed, followed by 'só ata o 8 de decembro' in a small white circle. Below this, it says 'todo por' and then a large '19€ /mes' with '3 meses' and 'precio 57€/mes' in smaller text underneath.

comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal